

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
DIRECTOR TERRITORIAL DE A CORUÑA- SECCIÓN DE MINAS- A CORUÑA
D. ISIDORO MARTÍNEZ ARCA**

ASUNTO: Alegacións ACORDO do 14 de novembro de 2024, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.

D/Dª maior de idade, actuando en nome e representación propios, con DNI número..... sinalando como domicilio a efectos de notificacións....., ante o órgano ao que me dirixo, comparezo e

EXPOÑO: Que con data de 22 de novembro de 2024 publicouse no DIARIO OFICIAL DE GALICIA, anuncio do Acordo do 14 de novembro de 2024 do Departamento Territorial da Coruña polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra) promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL, e emenda de acceso á documentación (DOG 17-12-2024) de habilitándose un prazo de trinta días hábiles, dentro do cal se formulan as seguintes

ALEGACIONES

PRIMEIRA- Quen subscribe a presente considérase persoa interesada para os efectos do previsto polo apartado 1.b do artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, entende **que con carácter principal, proceda á devolución do proxecto Cobre San Rafael**, declarado como proxecto industrial estratéxico (PIE) por acordo do 24 de xuño de 2024 do Consello da Xunta de Galicia, e por extensión tamén do Acordo do 14 de novembro de 2024 polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra) promovido pola sociedade Cobre San Rafael publicado o 22 de novembro de 2024, **ao promotor**, ao amparo do previsto polo artigo 39.4 c) da Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental por terse ditado xa unha DIA desfavorable dun proxecto substantivamente análogo ao presentado, que foi denegado por non quedar acreditada a ausencia de efectos significativos sobre o medio ambiente, de conformidade co disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de evolución ambiental publicada no **DOGA 7 de febreiro de 2020**.

SEGUNDA.- Sinalar de xeito resumido os aspectos a ter en conta na análise dos arquivos de exposición pública, coincidentes cos do proxecto xa denegado:

- **Coincidencias cos procesos:** proceso de explotación minera, instalacións de proceso, xestión de residuos mineiros, infraestruturas auxiliares, infraestruturas para a xestión da auga, fase preoperacional, postos de traballo propostos, orzamentos, fase operacións, clausura e postclausura, licenza social e de promoción, número de cortas, sistemas de carga, transporte, destino do mineral a China, voaduras diarias á hora do xantar, vertidos ao DPH, reactivos usados no proceso, anos previstos de explotación e expectativas de continuar. Informes idénticos dos mesmos autores.
- **Proponse como unha das medidas de restauración o uso de tecnosoles-** lodos de depuradora e outros residuos- para a chamada “restauración”- aportados pola empresa do grupo, TEN, a mesma que levan facendo sen éxito dende hai máis de 20 anos e que aumentará os cheiros en toda a zona e as afeccións á poboación. Lembremos

que esta empresa non supera a revisión da súa AAI dende fai 3 anos e probadas a contaminación ás augas subterráneas por metais pesados da aplicación de tecnosolos.

- O proxecto sigue contemplando **10 enormes cortas** mineiras que ocuparán máis de 150 ha: Bama, Arinteiro, Vieiro, Arca, Brandelos, Monte das Minas que poden **chegar a ter ata 210 m de profundidade o que ocasionará o desvío de vías de abastecemento de augas subterráneas á poboación** .
- **Anulará de alo menos 11 captacións** de auga municipais e de particulares que abastecen a máis de 1000 persoas, que non se enumeran no proxecto nin as actividades agrarias e gandeiras, de regadío, hortas nin se cuantifican os danos económicos e de subsistencia que isto ocasiona, sin alternativas viables de compensación que aseguren o abastecemento de augas sanas nin facer unha estimación real dos recursos hídricos da zona. As augas do monte de Arinteiro, a Zanca e O Picón quedan en máns da mina se soterradas baixo grandes escombreciras e balsas.
- **Contémpnanse ata 7 puntos de vertidos** das augas *recollidas nas cortas en explotación, dos depósitos de estériles de planta, das escorrentías formadas na PTM, nas pistas mineiras e na escombrecira PAG*, tratadas químicamente que irán aos ríos Pucheiros, Barral, Burgo, Portapego e Felisa, sin asegurar a súa calidade nin as medidas compensatorias nin avals en caso de producirse vertidos contaminantes que acabarán irremediabilmente no Ulla, non existe ningunha técnica de monitoreo constantes que permita a poboación ata a ría de Arousa coñecer os posibles efectos destes vertidos que irán ao río Ulla.
- Contempla un total de 164 millóns de estériles de mina e 103 millóns de estériles de planta que se almacenarán nun **enorme depósito** de 125,78 Ha unha estimación que non existe a maneira real de comprobar que non se vaian a mesturar os xeradores de drenaxe ácido dos de non xeradores.
- Contempla unha enorme balsa Catalogada polas **dimensións** como **GRAN PRESA con risco CATEGORIA A**, o máis elevado. Clasificada polo **ESTÁNDAR GLOBAL DE GESTIÓN DE RELAVES PARA LA INDUSTRIA MINERA** en caso de **rotura debería ser EXTREMA** por consecuencia de fallo da presa. Con risco **MOI ALTO** polo **criterio de diseño de rebalse** ou sobre paso. Con risco **MOI ALTO** polo **criterio sísmico** de diseño, a 200 metros do pobo de Arinteiro habitado do que non se mencionan as consecuencias nin as afeccións a habitabilidade do lugar. Non existe un plan no proxecto para determinar qué facer se rompe a balsa, e alcanza máis kilómetros dos poucos que din que alcanzaría, véxase Aznalcollar ou Brumadinho, a balsa non é temporal, é eterna e non existe plan de vixilancia e mantemento eterno no proxecto.

Polo exposto, **SOLICITO**

1. Téñanse por presentadas estas alegacións e en atención ao seu contido, con carácter principal, devólvese o Estudo de Impacto Ambiental ao promotor, ao amparo do disposto polo artigo 39.4 c) da Lei 21/2013 do 9 de decembro de Avaliación Ambiental, con carácter subsidiario, en caso de desestimarse o anterior, solicítase dítese Declaración de Impacto Ambiental desfavorable para este proxecto pola súa incompatibilidade ambiental e socioeconómica.
2. Recoñézaseme a condición de persoa interesada e téñanme por personada no procedemento administrativo arriba indicado a fin de poder exercer os dereitos que me confire o artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e o artigo 37.5 da Lei 21/2013 do 9 de decembro de Avaliación Ambiental.
3. Solicito que os datos persoais das persoas que presentan estas alegacións dacordo á Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no sean facilitados a terceiros no proceso de toda a tramitación do expediente en especial á mercantil solicitantes solicitando o cumprimento por parte dos órganos tramitadores do cumprimento do artigo 5. Deber de confidencialidade, velando os datos persoais de identificación das persoas asinantes no proceso de avaliación das alegacións presentadas.
4. Solicito que se vele pola confidencialidade dos datos de identificación das persoas que presentan esta alegación de acordo á *Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, de xeito que non sexan facilitados a terceiros no proceso de toda a tramitación do expediente e que se solicite o cumprimento deste deber por parte dos órganos tramitadores.

En, a..... de de 2025